

UN MITIN ABOLICIONISTA NO TEATRO ESLAVA DE MADRID POLO CARICATURISTA FRESNO

Formando parte da colección de debuxo humorístico do Museo atópase unha interesante ilustración do madrileño Fernando Gómez-Pamo del Fresno (1881-1949), titulada *En un mitin*. Famoso actor, habitual nas compañías máis prestixiosas da época, Fresno, como asinaba habitualmente, destacou tamén como ilustrador gráfico en publicacións como *ABC*, *Blanco y Negro* ou *Buen Humor*, especializándose en debuxos nos que desenvolvía temáticas do ámbito teatral retratando con humor e sinxeleza a dramaturgos e intérpretes, como evidencia a *Caricatura de Pilar Millán Astray* que, como a que nos ocupa, tamén se conserva no Museo. Ambos orixinais ingresaron en 1972 a través de D. Santiago Losada Amor, xenro do célebre caricaturista aragonés Pedro Antonio Villahermosa y Borao, *Sileno* (1869-1945), e depositario da excepcional colección de debuxos de diversos autores que lle pertenceron.



En un mitin, plumiña sobre papel de 32 x 48 cm, preséntanos a representación caricaturesca dos protagonistas dun mitin abolicionista, celebrado na mañá do domingo 24 de febreiro de 1924, no Teatro Eslava de Madrid.

Fresno achéganos a través do humor ás reivindicacións femininas e móstranos, sentadas en torno a unha mesa, as mordaces caricaturas de cinco pioneiras na loita polos dereitos da muller en España. Son, de esquerda a dereita, tal e como indica a inscrición que presenta o debuxo no reverso, Vitoria Kent, *Beatriz Galindo*, *María Martínez Sierra*, Aurora Riaño e Pilar Oñate. Xunto a elas, de pé, sitúase a caricatura dun home moi grosco con bigote en plena disertación, o Dr. César Juarros.

O Dr. César Juarros Ortega (1879-1942), médico psiquiatra pertencente ao corpo de Sanidade Militar, era entón o Presidente da *Sociedade Abolicionista Española*, fundada por el mesmo en 1922. A *Sociedade Abolicionista* reivindicaba a supresión da práctica da prostitución

regulamentada e a inclusión do delito sanitario no Código Penal, avogando por apoiar ás mulleres a saír de tan denigrante situación e a combater as condicións socio-económicas que as provocaban. Loxicamente, estas propostas son rapidamente asumidas por certos sectores do feminismo que se involucran plenamente con estas ideas.



Durante o século XIX e principios do XX, a falta de desenvolvemento industrial, o enorme peso da Igrexa Católica e o secular atraso cultural feminino condicionaron que o feminismo español tivese, como movemento social, unha menor transcendencia que no resto de Europa. Enfrontadas co férreo conservadorismo católico, as tímidas reivindicacións feministas eran vistas como un ataque á tradición e entendéronse como unha agresión á vida familiar, social e nacional. A discriminación da muller, xustificada na súa suposta inferioridade xenética e a súa mera función reprodutora, convertíaa nun simple complemento do home, quen establecía os principais arquetipos femininos (“anxo do fogar”, “nai solícita”, “doce esposa”...), a súa función social e o seu código de conduta.

A primeira organización estritamente feminista foi a *Asociación Nacional de Mujeres Españolas* (ANME), fundada en outubro de 1918 por M^a Espinosa de los Monteros. Esta asociación, formada por mulleres de clase media, mestras, escritoras, universitarias e esposas de profesionais -segundo o seu propio testemuño, “as aristocracias do sangue, do talento, e da virtude”-, defendía posturas claramente conservadoras. O seu moderado programa, non anticatólico e inmerso nas canles do feminismo burgués, centrábase basicamente en reivindicacións de tipo social, como o dereito á educación, as reformas do Código Civil, a represión da prostitución legalizada, así como o dereito da muller ao traballo ou a desempeñar profesións liberais.

É nos anos 20, cando podemos situar en España a consolidación dun feminismo organizado que comezou a engadir demandas políticas -incluído o sufraxio- ás reivindicacións sociais, iniciándose a participación das mulleres na vida pública. Será durante a Ditadura do Xeneral

Primo de Rivera (1923-1930) cando se inicien as tendencias feministas españolas. Primo de Rivera mostrou un interese paternalista polos dereitos da muller e fixo determinadas concesións (leis de protección ao traballo, facilidades para cursar estudos universitarios, cargos no goberno municipal) que, malia todo, perpetuaban a discriminación e que unicamente pretendían dar unha imaxe de modernidade ante o rexeneracionismo que, trala Primeira Guerra Mundial, triunfa en toda Europa.

Neste ambiente prodúcese a obra máis significativa de José Calvo Sotelo como Director Xeral da Administración, o Estatuto Municipal que, publicado o 8 de marzo de 1924, outorgaba o voto ás mulleres nas eleccións municipais aínda que con moitas restricións: só podían votar as emancipadas maiores de 23 anos e as casadas, quedando excluídas as prostitutas.

O debuxo de Fresno ilústranos fielmente o desenvolvemento do mitin abolicionista que se celebrou no madrileño Teatro Eslava, uns días antes da publicación do Estatuto Municipal, e cuxos detalles coñecemos a través da crónica que ABC publica o 26 de febreiro de 1924:

Anteayer celebró en el teatro Eslava, la Sociedad Española de Abolicionismo su anunciado acto de propaganda. Público selecto llenaba el teatro. La señora de Riaño habló de la necesidad de dar en el hogar la educación sexual, salvaguardia de la moralidad y de la salud de los hijos.

La señorita Kent, doctora en Leyes, disertó sobre “La falta de personalidad de la mujer” que la inclina a toda clase de prostituciones, obligándola a defenderse con las armas cobardes del deprimido. Beatriz Galindo, trató del servicio doméstico, fuente la más abundante de las que arrojan víctimas a la casa pública. La señorita Pilar Oñate señaló los motivos económicos y de falta de educación que contribuyen a arrastrar a la mujer por caminos de infamia.

La señora de Martínez Sierra afirmó la necesidad de que las mujeres tomen parte en la actividad política para hacer entrar la vida en la ley y la salud en la vida.

Ramón Pérez de Ayala envió una poesía serena y dolorosa que, leída por Antonio Riaño, emocionó hondamente.

El doctor Juarros, que comenzó el acto con la presentación de las oradoras, la terminó con una disertación amenísima: “Lección de amor para mujeres honestas”. El mitin habla muy alto a favor del entusiasmo de los abolicionistas y de la cultura y comprensión del público que acude a estos actos culturales, cada vez más numeroso e interesado.

Como apunta o diario madrileño, o movemento feminista comeza a estar mellor visto. No mitin están presentes cinco mulleres excepcionais, claves no avance da consideración do papel da muller e na loita por uns dereitos que comezarán a materializarse, aínda que con moitas trabas e dificultades, durante a República. Fresno móstranolas nas seus expresivas caricaturas cun carácter grotesco, feas e esperpénticas, evidenciando así a súa mordaz crítica ao carácter reivindicativo destas mulleres. Como antes apuntamos son, de esquerda a dereita:



Vitoria Kent (Málaga, 1898 - Nova York, 1987), quen chegaría a ser unha das máis destacadas políticas españolas. Estudou Maxisterio en Málaga e despois trasladouse a Madrid, onde fixo Dereito. Precisamente en 1924, o ano no que participa no mitin abolicionista do Teatro Eslava, doutorouse pola Universidad Complutense e logrou ser a primeira muller en ingresar no Colexio de Avogados de Madrid. En 1930 asumiu a defensa de Álvaro de Albornoz ante o Tribunal Supremo de Guerra que o xulgou por asinar un manifesto republicano, sendo a primeira do mundo que exerceu como avogada ante un tribunal militar. En 1931, tras proclamarse a Segunda República, obtivo un escano de Deputada polo Partido Radical Socialista nas Cortes constituíntes e foi nomeada Directora Xeral de Prisións (1931-1934). Paradoxalmente, malia as súas conviccións democráticas e feministas, opúxose á concesión do dereito de voto ás mulleres, pois cría que estas o empregarían nun sentido conservador; motivo polo que sostivo unha acesa polémica con outra das representantes feministas nas Cortes republicanas, Clara Campoamor.



A escritora María de la O Lejárraga García (San Millán de la Cogolla, La Rioja, 1874-Bos Aires, 1974), coñecida como *María Martínez Sierra*, pseudónimo que adoptou a partir dos apelidos do seu marido. Nada no seo dunha familia acomodada, recibira unha educación que lle permitiu exercer de mestra, pero as súas marcadas inquietudes literarias pronto a enfrontaron coa sociedade machista na que creceu. Casada en 1900 con Gregorio Martínez Sierra, un mediocre escritor, máis novo ca ela, publicou as súas obras de teatro baixo o nome deste, logrando así divulgar a súa obra sen ter que enfrontarse á crítica social. Feminista convencida e afiliada ao Partido Socialista, estivo, con todo, toda a súa vida sometida, e

explotada intelectualmente, polo seu marido. En 1933 foi elixida Deputada ao Congreso da República por Granada e foi designada vicepresidenta da Comisión de Instrución Pública. A Guerra Civil obrigouna ao exilio e morreu en Arxentina en 1974.



A terceira é a escritora *Beatriz Galindo*, pseudónimo co que colaboraba no diario *El Sol* Isabel Oyarzábal de Palencia (Málaga, 1878 - México, 1974). Cofundadora do *Lyceum Club Femenino* con María de Maeztu e Victoria Kent, asistiu ao XIII Congreso da Alianza Internacional para o Sufraxio da Muller e foi nomeada pola República Embaixadora en Suecia.



Para rematar, Aurora Riaño e Pilar Oñate, outras destacadas feministas, impulsoras xunto a Clara Campoamor e o Dr. Juarros, da *Sociedad Española de Abolicionismo*.



M^a Ángeles Tilve Jar

Conservadora do Museo de Pontevedra